

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN TRASLATIO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO IACOBUS MARIS EXPERIENCE 2024

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D. Mario Cardama Barrientos, Presidente da **Fundación Traslatio**, segundo nomeamento efectuado pola Xunta de Padroado de 20 de xullo de 2018, debidamente inscrito no Rexistro Estatal de Fundacións con data 14/07/2020 e co número de rexistro 2317. Actúa no seu nome e representación, que está clasificada como de interese xeral polos seus fins no rexistro de Fundacións de competencia estatal do Ministerio de Xustiza (Praza Jacinto Benavente, 3 Madrid).

As partes recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración, a cuxos efectos

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Axencia de Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.



No artigo 9 dos Estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

SEGUNDO.- Que a Fundación Traslatio é unha organización sen ánimo de lucro que empeza a súa singradura a finais do ano 2016, constituíndose ante notario o 28/07/2017 e sendo inscrita no Rexistro de Fundacións de competencia estatal por Resolución de 14/07/2020, asignándosele o número de rexistro 2317.

As súas orixes remóntanse ó ano 2010, cando se creou a Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago, e organizou un evento anual chamado Ruta Marítima do Cabaleiro das Cunchas, potenciando a peregrinación náutica deste costas portuguesas ata as galegas, coa etapa final por terra, chegando á Catedral de Santiago de Compostela e obtendo os seus participantes a Compostela Náutica.

Os fins desta fundación son:

- Difundir e promover o patrimonio marítimo, cultura, material e inmaterial, de Galicia e España.
- Difundir e promover o Camiño de Santiago, en especial a través da tradición da Traslatio. O carácter xacobeo e marítimo desta tradición serán os valores informadores que, indisociablemente, informarán os fins e actividades da Fundación.
- Difundir e promover a práctica da vela en grandes veleiros, por toda a xeografía española, sen prexuízo do ámbito internacional, favorecendo a interrelación cultural e entre a xuventude.
- Colaborar con cantas institucións públicas e privadas poidan axudar ó cumprimento dos fins da Fundación.
- Formar parte de calquera organismo cuxos fins sexan coincidentes cos da Fundación e axuden á súa mellor consecución.



- Promover internacionalmente a peregrinación por mar a Santiago de Compostela, así como a difusión turística asociada ao feito Xacobeo e á Traslatio.

TERCEIRO.- Que os Camiños de Santiago supoñen historicamente un constante fluxo de peregrinos e peregrinas que, no seu itinerario cara a Santiago de Compostela, veñen construíndo unha cultura común europea ao longo de máis de mil anos de historia en común.

A política desenvolvida pola Xunta de Galicia a principios dos anos noventa do pasado século revitalizou os Camiños de Santiago e fixo que nas últimas décadas estes Camiños experimentasen un extraordinario auxe, vivindo un novo tempo de peregrinación, de intercambio de ideas, de culturas e de nacionalidades, que converten aos Camiños de Santiago e a Galicia en elementos referenciais en Europa e en gran parte do mundo.

A travesía xacobeia Iacobus Maris naceu da man da Fundación Traslatio perseguindo o obxectivo de crear unha nova experiencia cultural en torno ó feito primixenio da tradición xacobeia, a denominada Traslatio do Apóstolo Santiago. Desta forma comezou a darse forma a que sería a primeira peregrinación xacobeia de grandes veleiros e de forma simultánea, a ruta marítima a Compostela máis longa xamais organizada, coincidindo co Xacobeo 2022.

Na Ruta Iacobus Maris 2022 participaron un total de once barcos de seis países diferentes, catro deles das Armadas de Francia, Italia, Romanía e España. Os barcos percorreron unhas 1.900 millas náuticas, recalando en cinco portos de tres países diferentes: Xénova, Valencia, Sevilla, Porto e Vigo, finalizando a peregrinación en Santiago de Compostela tras facer o remonte do río Ulla. Moitos barcos ofreceron a posibilidade de poder navegar con eles, o que levou a que centos de persoas puidesen gozar da experiencia e navegar durante algunha das etapas da ruta. Outro dos puntos fortes foi a espectacularidade de ver estes barcos nos portos e que, ademais, ofrecen a posibilidade de poder visitalos de forma gratuíta. Todo iso derivou en que en todas as grandes cidades de recalada se formasen colas para poder subir a bordo e centos de miles de persoas gozasen deste evento.

CUARTO.- O proxecto a desenvolver entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación Traslatio pretende dar continuidade, tralas edicións de 2022 e 2023, á colaboración para a organización do Festival Iacobus Maris Experience, que entre o 24 e o 28 de xullo de 2024



combinará no Peirao de Trasatlánticos do Porto de Vigo gastronomía, música en directo e atraccións para os pequenos, ademais de visitas guiadas ós barcos e ó submarino Nautilus, saídas de navegación pola ría, obradoiros educativos, etc.

Continuarase con propostas gastronómicas, onde o *Village* representa un punto de encontro entre o mar e a gastronomía de Galicia. As familias, turistas e navegantes poderán gozar dos produtos do mar, desde a cociña máis tradicional á máis vangardista, achegando un valor engadido ó principal evento náutico de grandes veleiros en Galicia. As nosas rías, praias e gastronomía convertéronse nunha das principais razóns pola que cada vez máis turistas escoller visitar Galicia.

Ademais, por terceiro ano consecutivo, haberá un ciclo de concertos que acollerán as actuacións dalgunhas das bandas de referencia en Galicia. "Sons do Porto" consolidouse no Xardín do Cable Inglés do Peirao de Trasatlánticos como un enclave único coa ría de Vigo como fondo, que converterá outro ano máis A Laxe nun espazo vivo para a música en directo. Tamén será unha ocasión irrepetible para ver unha selección de artistas emerxentes nun formato moito máis acolledor e próximo. Ademais na zona do *Village* ofreceranse obradoiros de manualidades e teatro para nenos.

Este ano poderase contar coa presenza do veleiro escola da Armada de Uruguai, "Capitán Miranda", buque de 60 metros de eslora que se dedica á formación de garda mariñas e é embaixador de Uruguai polos mares, que fará que ó peirao acuda moita xente interesada en visitar este e os demais barcos. Coa goleta "Evangeline", restaurada tradicionalmente e que conserva o seu deseño orixinal, ofrecerase ó público a posibilidade de gozar da saídas de navegación pola ría de Vigo de dúas horas de duración durante os días do festival.

Todo o anterior completárase con obradoiros educativos relacionados coa bioloxía e a ecoloxía mariña, orientados a nenos e/ou adultos a bordo do barco museo "Hidria Segundo", embarcación catalogada como patrimonio histórico, e no observatorio submarino "Nautilus". En todas as actividades fomentárase a inclusividade para que todas as persoas poidan participar.

Por parte da Axencia de Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio coa Fundación Traslatio dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única capaz de desenvolver



o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade. Este proxecto supón ademais a revalorización do turismo náutico e, en consecuencia, do turismo da Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, as partes formalizan este convenio de colaboración, atendendo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación Traslatio para o desenvolvemento do proxecto Iacobus Maris Experience 2024.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 47.923,00 € (IVE non incluído), co seguinte desagregamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Divulgacións, obradoiros e visitas guiadas no "Nautilus" e no "Hidria Segundo"	2.220,00 €
Organización e xestión do evento, persoal encargado da realización de actividades e dirección	9.688,00 €
Comunicación e soportes publicitarios	3.425,00 €
Dispoñibilidade de barco clásico para bautismos de mar (3 saídas diarias x 4 días)	4.400,00 €
Instalación de <i>Village</i> con entre 4 e 6 carpas de 5x5 metros, con servizos de electricidade, fontanería, limpeza, xardinaría, vixilancia e megafonía	19.700,00 €



Instalación de escenario de 6x4 metros, con equipo de son. Contratación de grupos para concertos (6 concertos en total). Concurso musical, dirixido a grupos locais emerxentes	6.900,00 €
Organización de obradoiros de manualidades e teatro para nenos na zona do <i>Village</i>	1.590,00 €
TOTAL (IVE non incluído)	47.923,00 €

Deste orzamento total, a Axencia de Turismo de Galicia financiará as actividades cun importe máximo de 30.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, código de proxecto 2015 00005, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para Galicia para o ano 2024.

En todo caso, os gastos de persoal aos que se refire o orzamento estimado serán exclusivamente os do persoal propio, ou contratado ao efecto, dedicado especificamente á execución da actividade subvencionada, sen que en ningún caso se financie o gasto do persoal dedicado ó funcionamento ordinario da Fundación.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento do importe a favor da Fundación, unha vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.

En todo caso, a achega da Axencia de Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a Fundación obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

Terceira.- Compromisos das partes.

1. Compromisos da Fundación:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Facer constar a cooperación da Axencia de Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.



- Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia** a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a **marca turística de Galicia** en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.

- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura do convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométense a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través da realización do investimento previsto na cláusula segunda.

Cuarta.- Gastos subvencionables



De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coas previsións de orzamentos recollidos na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2024**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa adecuada preparación ou execución.

A Fundación Traslatio é unha entidade sen fin lucrativo á que lle é de aplicación a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado. Así, as actividades efectuadas por ela consistentes na difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos pola lei non constitúen unha prestación de servizos suxeita ó Imposto sobre o Valor Engadido (IVE). Xa que logo, as cantidades percibidas no marco dos citados convenios non constituirá prestación de servizos a efectos do IVE e tampouco formarán parte da base imponible das súas operacións, polo que procede realizar os cálculos sen ter en conta este imposto.

Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta.- Inexistencia relación laboral



A subscripción deste convenio non implica relación laboral de ningún tipo entre a Axencia de Turismo de Galicia e as persoas que realizen as actuacións do seu obxecto, de xeito que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Sétima.- Xustificación e pagamento

1º. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de **conta xustificativa** con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e conterà con carácter xeral coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.

- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

- d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.



e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

h) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

2º.- O prazo para a presentación da citada documentación xustificativa remata o **15 de novembro de 2024**.

3º.- A cantidade máxima que se obriga a achegar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total inicialmente previsto neste convenio, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de



conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

4º. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

5º. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6º. A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

Oitava.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio. Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% do importe que se obriga a achegar a Axencia de Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 63.1.Dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo a Fundación Traslatio deberá presentar as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, deberá xuntar declaración de obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.



De conformidade co disposto nos artigos 65 e 67 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para a realización dos pagamentos anticipados a Fundación Traslatio terá que constituír unha garantía que deberá cubrir o 110% do importe pagado como anticipo, cando a súa contía acumulada supere os 18.000 €.

Novena.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Fundación Traslatio será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.



c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Décima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. 3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Fundación Traslatio deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado pola fundación e por un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Décimo terceira.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo quinta.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio. A firma do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Do mesmo xeito, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo sexta.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo sétima.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen



personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2024**.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Fundación Traslatio

O director

O presidente

José Manuel Merelles Remy

Mario Cardama Barrientos

